PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO
(PSC)

1.-Contexto sociolingüístico.

2.-Situación do profesorado

3.- Situación do alumnado

4.-Ambiente lingüístico do centro

Estos catro aspectos pódense concretar a través de enquisas destinadas a establecer a situación sociolingüística do centro. Establecer o IG. (Indicador global).

A/ CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO:

1.- O IES "Xulián Magariños" é un centro público de educación secundaria, situado no Concello de Negreira da provincia da Coruña.

2.- En enquisa efectuada ós alumnos do centro obtivemos os seguintes datos:

-A lingua predominante nos fogares é o galego.

-Nas interaccións comunitarias soamente se usa o galego.

-A lingua oficial empregada polo concello é o galego.

-Nas relacións coas entidades asociativas do noso entorno a lingua que predomina é o galego.

3.- Destes datos resulta un I.G. de 4,8, o que nos informa que no noso entorno estamos preto de acadar o índice máximo.

B/ SITUACIÓN DO PROFESORADO:

1.- En entrevistas persoais cos profesores e da observación habitual do colectivo docente deste centro observamos que respecto ó idioma utilizado:

-Predomina o uso do galego como lingua habitual.

-A capacidade do profesorado para utilizar o galego na docencia é alta.

-A actitude do profesorado cara a utilizar o galego no ensino é favorable.

-A actitude do profesorado cara a unha normalización social do galego é favorable.

2.- Destes datos obtivemos un IG de un 4, o que indica unha actitude boa do profesorado cara á normalización do uso do galego.

C/ SITUACIÓN DO ALUMNADO.

1.- Da enquisa efectuada ós alumnos, que xa sinalamos anteriormente, obtivemos unha serie de informacións referidas á socialización do galego:

-Predomina con gran diferenza o uso do galego como lingua habitual.

-Nas familias tamén é predominante, fundamentalmente nas aldeas, cunha porcentaxe moi elevada que diminúe un pouco na vila.

-No ámbito escolar úsase só galego con algunha excepción de alumnos que por causas excepcionais non son galego falantes (traslados, novos residentes, fenómenos migratorios).

-A actitude do alumnado é moi favorable ó uso do galego, como o pode demostrar o feito de que nas clases de lingua castelá hai que recordarlles que deben practicar tamén este idioma.

-Tamén mostran unha actitude favorable cara á normalización no uso do galego.

2.- O resultado dos datos obtidos permítenos obter un IG de 4,25, o que indica claramente una presenza do idioma galego moi alta na vida do alumnado.

D/ AMBIENTE LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

1.- Como se pode comprobar nas oficinas e arquivos do centro, o ambiente lingüístico nel é totalmente galego

-A documentación administrativa e informativa está plenamente en galego, agás propagandas ou avisos externos.

-Todo tipo de interacción cos alumnos ou as súas familias faise sempre en galego.

-As relacións informais entre centro e alumno son tamén na nosa lingua.

-Todo o persoal non docente relaciónase sempre en galego.

-Todas as comunicacións que se producen entre o centro e a ANPA prodúcense no noso idioma.

-As actividades extraescolares, en todos os casos, desenvólvense sempre en galego.

-Na utilización das TIC cabe subliñar que se está a facer unha moi boa utilización, pois tanto a páxina Web do centro como a Aula Virtual desenvólvense totalmente en galego.

-A visibilidade das accións do ENDL é ampla toda vez que se informa do que se está a facer no PCC, anúncianse os actos organizados nos taboleiros das aulas e exteriores, infórmase por escrito das actividades

e tense contacto con todos os interesados para a consecución de obxectivos ou a realización de determinadas actividades.

2.- De resultas da valoración anterior temos que concluír que a presenza ambiental do galego no centro acada un índice de 4,8, o que supón que se acada a plena vehicularización desta lingua no ámbito escolar.

O I.G. GLOBAL DO IES "XULIÁN MAGARIÑOS", UNHA VEZ RECOLLIDOS OS DATOS TODOS, DE UN 4,46